

## **INFOME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

O Concello de Pontedeume remite o plan xeral de ordenación municipal solicitando informe previo á aprobación inicial, conforme ó artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### **ANTECEDENTES**

O Concello de Pontedeume dispón dunhas normas subsidiarias de planeamento do ano 1986, que sufriron varias modificacións puntuais entre os anos 1987 e 2002, e que foron desenvolvidas por dous plans parciais dos anos 1994 e 1995, e varios estudos de detalle.

### **INFORME**

Logo de analizar a documentación que integra o plan xeral de ordenación municipal do Concello de Pontedeume, datada en xuño de 2006, á vista da proposta de informe elevada pola Subdirección Xeral de Urbanismo e para os efectos previstos no artigo 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, emítense o seguinte informe:

#### **I. Cuestións de carácter xeral**

I.1 En virtude do artigo 85.7.d da Lei 9/2002 cómpre dicir que o modelo de ocupación do litoral que se propón paralelo á costa e dentro da franxa dos 500 metros carece de xustificación razoada, máis alá da consecución de espazos libres nesa franxa, e o seu impacto sobre o territorio precisa dunha alternativa que supoña unha mellora sobre a ocupación existente hoxe, non só polas potencialidades agrolóxicas deste territorio senón tamén pola súa contribución á formalización dunha paisaxe de alto valor, como de feito sinalan o estudo de sostibilidade do plan xeral e a memoria.

I.2 Para xustificar o cumprimento dos artigos 13, 15, 32 e 52 da LOUG, no que se refire aos principios de utilización racional dos recursos naturais e de desenvolvemento sostible, o Plan xeral debe realizar un estudio xustificativo sobre as previsións de desenvolvemento, o cal fundamentará se procede, e en qué medida, transformar urbanísticamente novos solos para atender ás necesidades da poboación.

En relación co antedito, e aínda tendo en conta a importancia do sector turístico, o Plan xeral de Pontedeume non achega ningún estudo para xustificar a amplitude das áreas de expansión dos núcleos rurais e dos sectores de solo urbanizable residencial pois, dos datos poboacionais e de vivenda que dá a memoria, conclúese que o número de vivendas existentes é de 4.430, as proxeccións demográficas indican que se pasará de 8.663 habitantes a 8.925 no ano 2.014, mentres que a capacidade residencial do plan é de 3.223 vivendas novas. Isto supón que nos 8 anos de vixencia do plan, se propoñen 400 vivendas novas ó ano.

I.3 Cómpre realizar unha visión supramunicipal coa que poder enmarcar e tamén xustificar as determinacións da planificación urbanística municipal:

- Os límites físicos do concello de Pontedeume non coinciden cos recollidos polo planeamento urbanístico dos concellos limítrofes para ordenar o seu territorio, polo que se producen baleiros ou duplicidades nesas zonas límite.
- Esa visión unicamente local produce incongruencias de clasificación nas zonas fronteirizas: clasifícase solo urbanizable ata os límites do concello de Miño sen explicar que relacións se producen con esas zonas, ás veces clasificadas como solo rústico protexido.

## II. Estrutura xeral e orgánica.

En canto á estrutura xeral e orgánica do territorio, cómpre sinalar que non se reflicte no plano de clasificación do solo o viario proposto e, polo tanto, non se clasifica en consecuencia o solo polo que discorre. Ademais disto, nalgúns casos este novo viario se desenvolve sobre cursos fluviais, ou accidentes topográficos como ocorre coa variante da N-651 cara a AC-144, pasando por Cornide, Os Loureiros, e Valdeviñatos, sen que se analice o seu impacto no documento correspondente, nin se propoñan medidas correctoras axeitadas.

## III. Clasificación do solo.

### III.1 Solo urbano.

Cómpre sinalar que tanto en Ver como en A Herbosa, as normas subsidiarias municipais aprobadas no ano 1986 (antes, por tanto, da lei de Costas de 1988) clasificaban ambas as dúas zonas como "solo urbanizable normal", sen que conste que dende entón se teña aprobado e executado ningún instrumento de desenvolvemento nesas áreas, polo que non se atopa xustificada a súa inclusión como solo urbano. En todo caso Ver e A Herbosa poderían, en parte, clasificarse como solo urbano non consolidado, acolléndose ó artigo 12.b da Lei 9/2002, agás aquelas zonas que non cumpren os requisitos que ese artigo menciona, como se detalla a continuación.

Á vista da información que contén o PXOM, nas seguintes zonas non se atopa xustificada a súa clasificación como solo urbano, de acordo co que para tal efecto dispón o artigo 11 da Lei 9/2002:

- En A Herbosa: a parte leste cara o núcleo de Curío, e a parte sur, entre as dúas vías que van a Perbes.
- En Ver: a parte norte do núcleo, ó longo da vía a carón do URDR-14, e a parte leste, zona arborada ó longo da vía que vai á Herbosa, tanto cara o norte coma cara o sur.
- En Pontedeume:
  - a parte noroeste do UNC-1, entre a CP-4.803 e a estación do tren, cara ó oeste ó longo da costa que, de urbanizarse, suporá un grande impacto visual debido á topografía. Esta zona debería ser clasificada como solo rústico de protección de costas, segundo o artigo 32.2.e da Lei 9/2002 .
  - a parte nordeste, ó longo da estrada N-651 cara a autopista AP-9 F, incluído o UNC-15, e o outro lado desa vía, actualmente con carácter rústico e de finca singular, e con gran profusión de árbores a protexer, que debería ser clasificada como solo rústico de protección de costas, pola mesma razón que o anterior.

- os UNC-7, e UNC-8, no oeste do casco histórico, sen servizos urbanos.
- os UNC-9, 10, 11, 12, 13 e a zona límite polo leste onde está ZVPL-8, sen servizos, actualmente ocupada por hortas e masas arbóreas, así como o extremo oeste, lindando co UNC-9.
- parte do UNC-14, e a zona situada debaixo dese UNC-14, sen servizos.
- na zona centro oeste, ó longo da vía que vai a Vista Alegre, a parte final sen servizos.
- os espazos entre zonas urbanizadas recentemente -os edificios para traballadores dos estaleiros- con servizos e viais, e o núcleo urbano propiamente dito, zonas sen servizos, sen consolidación e cun carácter totalmente rústico: ó longo da N-651 e da AP-9, ó leste do URDR-11 Os Chapizos.
- a zona que ocupa a curva da estrada N-651 ó norte do URDR-10, atravesada por varios ríos, afectada pola propia vía, e sen servizos.
- a zona situada debaixo da URDR-10, cara o cemiterio, e as dúas illas de solo urbano que quedan ó sur e ó leste desa zona (a do cemiterio e a que está entre os dous regatos).
- o Parque Empresarial de O Vidreiro, en Campolongo, con acceso rodado pero que non ten servizos urbanos segundo a información do plan.
- o solo que está na parte superior dese parque empresarial, ó leste do URNDI-1.

### III.2 Solo de núcleo rural.

III.2.1 O núcleo de A Fontenova, na parroquia de Ombre, non cumpre as condicións en canto a morfoloxía e tipoloxía das edificacións, para poder ser considerado núcleo rural, e non está incluído no nomenclátor galego (artigo 13.1 da Lei 9/2002).

III.2.2 Ademais do xa comentado nas cuestións xerais, nas delimitacións das expansións dalgúns núcleos rurais invádense zonas que deberán estar clasificadas como solo rústico de especial protección, segundo o artigo 32 da Lei 9/2002.

- Segundo o artigo 13.3 da Lei 9/2002, os núcleos de Ventosa, Vizús e O Portiño (parroquia de Centroña) situados na franxa de 200 metros dende o límite interior da ribeira do mar, non poden ter as súas áreas de expansión dentro desa franxa en dirección ó mar, agás naqueles casos excepcionais nos que o Consello da Xunta o autorice expresamente.
- A expansión dos núcleos rurais non pode invadir terreos susceptibles de ser clasificados como solo rústico de protección das augas, como ocorre en: Valdeviñatos (Andrade), O Lourido, A Graña, Cabría Vella, Campo de Cosme, O Castro, Esteiro, Lourido, A Graña, Goive de Arriba (Nogueirosa), Cabría Nova, A Rega, Bouza Longa, Portela, Vilamoire, Gunturiz, Riolongo, Bufarda (Ombre), Castrelo, e Ventosa (Centroña).
- A fin de garantir a axeitada protección das beiras das estradas de titularidade supramunicipal conforme ó establecido polo artigo 32.2.c da Lei 9/2002, e de acordo co disposto no artigo 13.3 da citada Lei, a área de expansión dos núcleos non pode invadir os terreos que deben ser clasificados como solo rústico de protección de infraestruturas, como ocorre en: Xabroal, O Sisto, Parga, Belo, O Pilleiro, Curío (Boebre), A Cruz do Cabildo, San Cibrao, Cabría Vella, As Pontellas, O

Castro (Nogueirosa), Cabría Nova (Ombre), A Campanilla, Ogrobe, Pazos, Valdeviñatos (Andrade), Ventosa, e Vizús (Centroña).

- A Orela e Vilamoire (parroquia de Sta. María de Ombre) invaden, coas súas áreas de expansión, terreos polos que discorre un gasoduto, polo que deberán clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas.

### III.3 Solo urbanizable.

III.3.1 Ademais do xa mencionado nas cuestións xerais acerca da inxustificada clasificación de solo urbanizable para uso residencial, nas zonas que a continuación se detallan danse as circunstancias que obrigan a clasificalas como solo rústico segundo os artigos 15 e 32 da Lei 9/2002.

- No ámbito de solo urbanizable delimitado UPR-2, ao norte do núcleo de Ver, no URDR-14 e no URDR-15, hai unha franxa en contacto co litoral que debe ser clasificada como solo rústico de protección de costas, sen prexuízo da posibilidade de reducir excepcionalmente esta franxa ata 100 metros logo do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo, e en ningún caso por debaixo desa distancia (artigo 32.2.e da lei 9/2002).
- Os ámbitos de solo urbanizable URNDR-2, e o URDR-16, 17, 18, 19, 20, entre a costa e a estrada CP-4803, presentan unha configuración e uns valores polos que segundo a Lei 9/2002 debe clasificarse sobre o solo rústico de protección paisaxística (artigo 32.2.g). Eses ámbitos e o URNDR-3, o URDR-1 As Pontellas, e parte do URNDR-1 Chao de Ombre, están dentro da franxa de 500 metros dende o límite interior da ribeira do mar polo que lles afecta o xa comentado no apartado de cuestións xerais (artigo 85.7.d da Lei 9/2002).
- Ademais do antedito, os ámbitos de solo urbanizable URDR-4, 5, 6, 7 no contorno do núcleo urbano de Pontedeume-Campolongo, e o URNDR-2, URNDR-3, URDR-16, 17, 18, 19, 20, ocupan terreos parte dos cales están sendo cultivados actualmente, e que teñen alto valor agrícola segundo o mapa de clases agrolóxicas do Ministerio de Agricultura, polo que deberían clasificarse como solo rústico de protección agropecuaria (artigo 32.2.a).
- Os ámbitos URDR-8, 9 e 10 inclúen terreos que se atopan a menos de 100 metros dun curso fluvial, polo que deben ser clasificados como solo rústico de protección das augas (artigo 32.2.d).
- En canto ós solos urbanizables industriais:
  - o URDI-1 e o URDI-2 abranguen terreos nos que se comproba que existen valores naturais que os fan inaxeitados para urbanizar: masas arbóreas, cursos fluviais, e orografía con grandes pendentes. Deberá acreditarse que non se vulneran os artigos 14.1 e 15.b da Lei 9/2002 en canto á clasificación como solo rústico deses ámbitos.
  - non se achega un estudo sobre as actividades industriais en Pontedeume onde se teña presente a existencia doutros polígonos industriais no contorno deste concello, e se xustifique a clasificación do solo industrial URNDI-1 e URNDI-2, tendo en conta a existencia do parque empresarial de Vidreiro-Campolongo. Estes ámbitos de solo urbanizable non delimitado industrial abranguen zonas con masas arbóreas que deberían clasificarse como solo rústico de protección forestal, segundo o artigo 32.2.b da Lei 9/2002.

Por outra banda, non atopa xustificación a previsión de ámbitos de solo urbanizable residencial desvencellados da vila de Pontedeume, illados no solo rústico ou encaixados entre núcleos rurais: o URDR-1 As Pontellas, o URDR-2 A Graña, o URDR-3 O Silvar, e o solo urbanizable non delimitado URNDR-1 Chao de Ombre. Cómpre indicar a este respecto que, de conformidade co artigo 13 da Lei 9/2002, a extensión dos núcleos rurais, de resultar xustificadamente necesaria atendendo ás previsións de crecemento que xustifique o Plan, se produce por medio das súas áreas de expansión, e que o plan pode, xustificadamente, excluír da categoría de solo rústico de protección agropecuaria ámbitos lindeiros sen solución de continuidade co solo de núcleo rural, que poderán ser clasificados como solo de expansión de núcleo sempre que se xustifique pola necesidade de edificar (artigo 32.2.a da Lei 9/2002).

#### III.4 Solo rústico.

- A inexistencia de solo clasificado como rústico de protección paisaxística non é coherente coa información que se achega, tanto na memoria como no estudo de sostibilidade, acerca dos valores do concello neste sentido.
- Sen prexuízo do disposto no artigo 32.3 da Lei 9/2002, o PXOM debe establecer a clasificación de solo rústico de protección das augas nos terreos aos que se refire o artigo 32.2-d da Lei 9/2002. No caso de que se produza algunha redución respecto da dimensión mínima legal, o PXOM debe achegar na súa memoria a correspondente xustificación en relación co estudo de concas fluviais e regatos existentes, e zonas inundables. En todo caso hai incongruencias entre a normativa e os planos en materia de augas.
- Deberá identificarse e clasificarse como solo rústico especialmente protexido, por ser unha zona con interese patrimonial, a franxa a ambos os dous lados do Camiño de Santiago que atravesa o concello (artigo 32.2.h da Lei 9/2002, artigo 18 da Lei 3/1996 de 10 de maio de Protección dos camiños de Santiago).
- En contra do artigo 32.c da Lei 9/2002, non se reflicte no plan a clasificación de solo rústico de protección de infraestruturas naquelas zonas atravesadas por gasodutos, coas súas correspondentes zonas de afección non susceptibles de transformación.

#### IV. Determinacións en solo urbano.

IV.2 Nas seguintes zonas danse as circunstancias que determinan a súa inclusión na categoría de solo urbano non consolidado de conformidade co artigo 12.b da lei 9/2002:

- En Ver e en A Herbosa, as áreas non mencionadas no apartado III.1, por tratarse de áreas de recente urbanización xurdidas á marxe do planeamento.
- En Pontedeume, os terreos asociados á execución do viario de nova apertura, situados na parte superior do parque empresarial de O Vidreiro, lindando coa ordenanza N2, con servizos perimetrais.

IV.3 A delimitación que fai o plan na zona do parque empresarial de O Vidreiro, Campolongo, non coincide coa delimitación do plan parcial aprobado definitivamente en novembro de 1995. Hai unha parte dese solo que no plan parcial estaba destinado a zona verde e que agora se inclúe dentro do solo urbanizable URNDI-1. Terá que corrixirse esta delimitación.

IV.4 Cómpre lembrar os imperativos que impón o artigo 104 da lei 9/2002 no que atinxe á ordenación da zona do núcleo urbano de Pontedeume entre a CP-4803 e a vía do tren, no noroeste, entre outras, por mor das súas condicións topográficas e paisaxísticas. En relación co antedito non se xustifica a ordenanza U-I B+3 e B+4 na zona de grandes pendentes na fronte marítima que da á praia de Cabanas.

## **V. Determinacións en solo de núcleo rural.**

As delimitacións de núcleos rurais e das súas áreas de expansión deben cumprir o artigo 13.3 da Lei 9/2002 no que respecta aos seguintes aspectos:

- o ámbito delimitado como solo de núcleo rural debe presentar unha consolidación pola edificación de, como mínimo, o 50%. Isto non ocorre en: A Regueira, Os Loureiros, Pazos (Andrade), Vilamoire, A Fontenova, Allegue (Ombre), Cermuzo (Bréamo), Cornide (Vilar), Covés (Andrade), Figueirido, e Cabría Vella (Nogueirosa).
- a delimitación dos núcleos rurais debe axustarse á distancia máxima de 50 metros dende as edificacións de carácter tradicional, o que non acontece en: A Regueira, Os Castros, Os Loureiros, Pazos, O Barreiro (Andrade), A Rega, Bouza Longa, A Portela, Bufarda, Vilamoire, A Regueira, Gunturiz (Ombre), A Veiga, A Fontenova, Allegue (Ombre), O Lourido (Nogueirosa), e Cornide (Vilar).
- as áreas de expansión dos núcleos rurais non poden abranguer terreos a máis de 200 metros do límite do núcleo tradicional, valor que é superado en: Castrelo, Ventosa, Vizús (Centroña), A Regueira (Andrade), Figueirido (Nogueirosa), Gunturiz, A Regueira, Allegue, e A Veiga (Ombre).

## **VI. Determinacións en solo urbanizable.**

VI.1 Sen prexuízo do comentado no punto III.4 relativo ao solo urbanizable, supéranse os límites do artigo 46 da Lei 9/2002, no referente á edificabilidade, no caso do solo urbanizable URDR-4 non contiguo ao solo urbano.

VI.2 As medidas correctoras que propón o estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico non se consideran suficientes por mor do seu carácter xenérico tendo en conta a extensión e variedade de localizacións, no interior e na costa, do solo clasificado como urbanizable, e do impacto analizado (vistas, invasión de solos produtivos, invasión de solo de protección das augas e zonas topográficamente inaxeitadas). Hai dous urbanizables: URDR-13 Ronda e o URDR-12 Vista Alegre, cun impacto severo segundo o estudo de sostibilidade, impacto que non se subsana coas medidas correctoras xenéricas do devandito estudo nin na ficha correspondente.

## **VII. Determinacións en solo rústico.**

VII.1 Hai zonas clasificadas como solo rústico de protección ordinaria que presentan características que xustifican a súa clasificación como solo rústico de especial protección: no contorno dos núcleos de O Castro, As Pontellas e A Cruz do Cabildo na parroquia de Nogueirosa (solo rústico de protección agropecuaria), e na franxa entre o ferrocarril e a estrada, próximo a Ver, na parroquia de Boebre (solo rústico de protección forestal). Aos dous casos lles afecta o comentado no apartado 1.1 acerca da franxa dos 500 m. Cómpre axustar esta clasificación de solo rústico de

protección ordinaria ós terreos que cumprimenten o disposto nos artigos 15 e 32.1 da Lei 9/2002.

VII.2 A franxa de solo rústico de protección de costas debe superpoñerse ao de protección de espazos naturais, pois para certos usos, a categoría de solo rústico de protección de costas é máis restrictivo que o de solo rústico de espazos naturais (artigo 32.3 da Lei 9/2002).

### **VIII. Estratexia de Actuación e Estudo Económico.**

VIII.1 O método proposto para obter os sistemas xerais de zonas verdes ó longo da franxa costeira –o desenvolvemento dos solos urbanizables residenciais- non é o axeitado en orde a manter a calidade de vida e a sostibilidade que se propugnan na memoria, como xa se comentou en apartados anteriores. Ademais, este método pode dar lugar a zonas verdes inconexas ou inaccesibles.

VIII.2 A estratexia de actuación debe garantir o desenvolvemento ordenado e coherente do Plan xeral (artigo 60 da Lei 9/2002), o que non ocorre en casos como o do URDR-7, que está máis preto do solo urbano que o URDR-4, pero que non ten ordenación detallada como este último, e polo tanto ten uns prazos máis longos de desenvolvemento. Os sistemas xerais adscritos a estes solos urbanizables, os espazos libres contiguos ZVPX-29 e ZVPX-30, desenvolveranse de xeito discontinuo. Este mesmo problema se detecta nas conexións cos sistemas xerais. O mesmo ocorre cos espazos libres ZV-31 e ZV-30, os prazos establecidos non aseguran a obtención da zona verde ZV-30 necesaria para acceder á ZV-31 antes que esta última.

VIII.3 O estudo económico é moi aproximado, pois non valora polo miúdo todos os custos das actuacións necesarias para o desenvolvemento do Plan Xeral (expropiacións, superficies e custos de urbanización de sistemas xerais e equipamentos).

VIII.4 Debe acreditarse a conformidade das administracións distintas do concello, xa que hai previsións de investimento a cargo delas, tal e como expresa o artigo 60.3 da Lei 9/2002.

### **IX. Documentación.**

Detectáronse os seguintes erros materiais que cómpre enmendar:

IX.1 Non se fai referencia ao planeamento vixente e en redacción nos concellos limítrofes (art. 61.2 da lei 9/2002).

IX.2 Non se achegan planos de información importantes para valorar as decisións tomadas en canto á clasificación do solo: zonas inundables, concas de interese paisaxístico, plano de áreas incendiadas, ou montes en man común.

IX.3 No estudo do modelo de asentamento, non se achegan os datos de consolidación pola edificación nin se analizan as expectativas de desenvolvemento dos núcleos, para poder considerar as súas necesidades de expansión (artigos 13.2 e 61.2 da lei 9/2002).

IX.4 Nos planos de ordenación non se reflicte o contorno de protección nalgúns dos elementos catalogados nin a ordenanza aplicable, por exemplo: a igrexa de San Miguel de Breamo, igrexa prerrománica e BIC, ou a igrexa de Boebre, na parroquia do mesmo nome.

- IX.5 No plano de información sobre a rede de gas (S-3), só aparece reflectido un gasoduto, aínda que a memoria fala da existencia de dous, e dun ramal en tramitación (páx. 325 memoria informativa).
- IX.6 A documentación achegada relativa á ordenación detallada do URDI-1, deberá integrarse no Plan Xeral de Pontedeume.
- IX.7 Non se achega a ordenación detallada á que se fai referencia nas fichas dos sectores de solo urbanizable delimitado: SUDR-1, SUDR-2, e SUDR-4. Cómpre lembrar que esta documentación debe ter o mesmo contido e determinacións esixibles a un plan parcial (artigo 57.2 da Lei 9/2002).
- IX.8 Faltan dúas fichas na normativa: a do ámbito de solo non consolidado SUNC-8, e a referente ao entronque cos sistemas xerais do ámbito de solo urbanizable URDI-2.
- IX.9 Non existe no concello de Pontedeume o Complexo Húmido de Betanzos ó que se fai referencia na páxina 53 da memoria informativa. Elimínase esta alusión.
- IX.10 Nalgúns núcleos rurais (Castrelo, parroquia de Centroña, A Regueira (Andrade), Cabría Nova, Gunturiz (Ombre), O Castro (Nogueirosa)) inclúense como vivendas tradicionais algunhas que non o son, e noutros aparecen como construcións elementos como hortas, ou cultivos (A Regueira (Centroña), Cabría Nova, Riolongo (Ombre)).
- IX.11 No referente ao catálogo de patrimonio cultural, hai unha incongruencia entre as fichas de patrimonio que adxudican a ordenanza de solo rústico de protección patrimonial a todos os elementos protexidos –indistintamente da súa inclusión en distintos tipos de solo- e a propia ordenanza de solo rústico de protección patrimonial, que exclúe os elementos que están dentro dos núcleos de poboación.

## **X. Tramitación.**

O plan xeral de ordenación municipal de Pontedeume debe axustarse ó contido da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. Ademais disto, na tramitación do expediente, solicitaranse todos os informes preceptivos en virtude da normativa sectorial aplicable. Estes informes deberán ser recadados no momento que determine a súa lexislación sectorial, e no seu defecto segundo o disposto no artigo 85.3 da Lei 9/2002, modificado pola Lei 15/2004.

**Este informe emítese de conformidade co previsto no artigo 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro.**

**Santiago de Compostela, 08 de xuño de 2007.**

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.**

**Por delegación, Orde de 06/03/2003 (DOG 12/03/2003)**

**O DIRECTOR XERAL DE URBANISMO**

**Ramón Saúl Lueje Espina**